

Nota informativa sobre os informes externos

O 1 de outubro de 2023 entrou en vigor o novo regulamento de estudos de doutoramento.

Entre as principais novidades está a necesidade de que cada tese conte con dous informes emitidos por persoas doutoras externas á universidade e ao programa de doutoramento. Estes informes deben xestionarse desde a CAPD **podendo as persoas expertas formar parte do tribunal.**

Como excepción, e segundo reflicte o artigo 43 do regulamento, no caso das teses con mención internacional os expertos que fagan os informes non poderán estar no tribunal.

No caso no que a persoa experta non forme parte do tribunal deberá anexarse o formulario TC-32, cuxo ligazón está incluído no modelo de informe que incluimos neste apartado.

A tese evaluarase de acordo a catro criterios:

- 1) Calidade
- 2) Novidade e orixinalidade
- 3) Metodoloxía e resultados
- 4) Estrutura formato e redacción

A valoración é cualitativa e, s, farase de maneira **sinxela**, marcado as opcións SI ou NON do formulario. O campo de texto da segunda páxina, activarase unicamente no casos de indicar NON nun dos catro criterios, emitir un informe favorable condicionado ou informe desfavorable.

Para informes favorables o avaliador indicaría "SI" nos catro criterios e seleccionaría "Informe valorable para a defensa" no apartado Recomendación sobre a defensa da tese de doutoramento. **O campo de texto da segunda páxina non estaría activo.**

O informe deberá entregarse co visto e prace do coordinador do programa (sinatura no formaulario)